




SOUTO DE AGÜEIRA

SOUTO DE AGÜEIRA

RUTA DE SENDEIRISMO




Dende A Ferrería, o vello camiño de Cormes somérxenos no Souto de Agüeira. Unha ampla masa de vetustos castiñeiros centenarios, ós que ocasionalmente se lles engaden outras especies autóctonas, conforman un excepcional ecosistema que se estende entre as aldeas de Cormes, A Agüeira e Morcelle. O Souto de Agüeira, auténtico privilexio ecolóxico, pasa por ser un dos soutos máis singulares de Europa.

Atravesando o interior do bosque -impregnado por ese aire de maxia e de misterio que posúen os soutos-, o camiño alcanza a aldea de Cormes. A torre-fortaleza do señorío de Cormes, outrora morada do nobre linaxe dos Erbón, hoxe casa dos Boado, domina o souto dende o alto. O edificio semella ter sido cárcere, e así o testemuñan os cepos que aínda se conservan. Permanece alí a cadea xurisdiccional, á cal desexaban os fuxidos da xustiza agarrarse para quedar, así, baixo o poderío e protección do señor de Cormes.

Co outono, alcanza o souto o seu máximo esplendor. Inician as súas follas o lento camiño cara á invernia, balan-céanse e caen -ó mesmo tempo que os ourizos, camiño das ouriceiras- nun sorprendente espectáculo de cor e de armonía.

Esceario cinematográfico nos sesenta, Agüeira é hoxe un tesouro escondido, un legado que temos que respectar e defender para o disfrute das novas xeracións.



P.R.G. 13
13

SINALIZACIÓN

(Pequeno recorrido galego)

CONTINUIDADE DO SENDEIRO

MALA DIRECCIÓN

CAMBIO DE DIRECCIÓN

SINAL DE DIRECCIÓN

FICHA TÉCNICA

LONXITUDE: 2'6 km.

DURACIÓN: 1h (tempo neto, calculado sen ningún tipo de detención).

DESNIVEL: 240 m.

PUNTO DE PARTIDA: Aldea de A Ferrería (Becerreá).

EQUIPO: Botas de trekking, impermeable, plano de ruta, cantimplora, máquina fotográfica, prismáticos.

CARTOGRAFÍA: Mapa Guía Serra de Ancares do I.G.N. (escala 1:50.000).
Folla nº 125/9-8 (As Nogais), do I.G.N. e S.G.E (escala 1:50.000).

